



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 20 de xaneiro de 2023(1346/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de xaneiro de mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(15).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 4 de xaneiro e ordinaria do 5 de xaneiro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(16).-DAR CONTA DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO “SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO” E PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DO CUSTO DO MESMO. EXPTE. 8685/113.**

Visto o informe xurídico do 10/01/2023 e o informe de fiscalización do 12/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/12/2022, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, o xefe de Administración Electrónica, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o terceiro ano do contrato do Servizo integral de Comunicacións do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2021 e o 30 de xuño de 2022 procede dar conta a Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período. O contrato iniciouse o 1/7/2019 e ten unha duración prevista de 4 anos con opción a 1 ano de prórroga.

**1. Antecedentes. Modificacións aprobadas ao amparo da cláusula 15 das FEC do prego de cláusulas administrativas aprobadas con data 23/03/2019**

Segundo a cláusula 15 das FEC pertencentes o PPS que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas pola Concelleira Delegada de Administración Electrónica durante o período 01/07/2021 a 30/06/2022.

**“15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

**A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si**

**B) ASPECTOS A MODIFICAR:**

- *Incorporación de novos servizos de telecomunicación.*
- *O número e dimensión dos servizos unitarios contratados.*

**C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

- *A variación do número de sedes ou instalacións municipais.*
- *Variación do consumo total de chamadas de voz contratado igual ou superior o 10%, tanto por exceso como por defecto, respecto ó estimado na oferta.*
- *Variación do número de SMS consumidos respecto o estimado na oferta.*
- *Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato que non estivesen dispoñibles no momento da contratación e que o Concello de Vigo necesite para os seus fins.*
- *Altas ou baixas dos servizos unitarios contratados por variación das necesidades municipais.*
- *Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos.*

**D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato**

**E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:**

*As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión, en máis ou en menos sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós prezos unitarios ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.*

*O aboamento dos custos das modificacións aprobadas realizarase mediante as regularizacións anuais previstas.*

*Debido o dinamismo das necesidades do Concello de Vigo, as modificacións aprobaranse por resolución do concelleiro delegado e darase conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes con carácter como mínimo anual. “*

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz e men-



## Concello de Vigo

saxes (SMS). A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais estimados nas circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 15 das FEC.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2021 e o 30 de xuño de 2022 que afectan os custos de tipo fixo:

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>SERVIZO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE</b>
125978/210	ÁREA DE SEGURIDADE	Alta tarxetas SIM datos vehículos emerxencia (17)	816,00 €
128544/210	CONCELLERÍA DE SEGURIDADE XEFATURA DE SEGURIDADE	Alta tarifa plana estándar (5)	960,00 €
129521/210	CONCELLERÍA DE SEGURIDADE XEFATURA DE SEGURIDADE	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
76533/212	CONCELLERÍA DE SEGURIDADE INTENDENTE POLICÍA LOCAL	Alta tarifa plana estándar	192,00 €
78978/212	CONCELLERÍA DE SEGURIDADE INTENDENTE POLICÍA LOCAL	Alta tarifa plana estándar (2)	384,00 €
80593/212	CONCELLERÍA DE SEGURIDADE INTENDENTE POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
80594/212	CONCELLERÍA DE SEGURIDADE INTENDENTE POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
6694/213	SERVIZO EXTINCIÓN INCENDIOS	Alta tarifa plana estándar (17)	3.264,00 €
11002/224	SERVIZO DE IGUALDADE	Alta acceso internet vivendas municipais (2)	837,12 €
6697/241	ÁREA DE XESTIÓN PATRIMONIAL E TERRITORIAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
231229/301	CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL - XEFATURA DA ÁREA	Alta móbil básico	40,00 €
10475/320	PARTICIPACIÓN CIDADÁ	Alta tarxeta SIM datos centro cívico	48,00 €
255112/332	CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN - XEFATURA DE SERVIZO	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
8864/335	XEFATURA SERVIZO FESTAS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
9264/335	CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS	Alta internet non integrado recinto Castrelos	472,56 €

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>SERVIZO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE</b>
6987/440	CONCELLERÍA DE FOMENTO - XEFATURA ADMINISTRATIVA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
7183/440	CONCELLERÍA DE FOMENTO - XEFATURA ADMINISTRATIVA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (3)	1.249,20 €
7189/440	CONCELLERÍA DE FOMENTO - XEFATURA ADMINISTRATIVA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
49884/446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416,40 €
4817/611	CONCELLERÍA DE DEPORTES	Alta tarxeta SIM datos Pabillón Travesas	48,00 €
4864/611	CONCELLERÍA DE DEPORTES - XEFATURA SERVIZO	Terminais smartphone gama media (4)	768,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>12.826,48 €</b>

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o terceiro ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

<b>BAIXAS</b>	<b>unidades</b>	<b>Custo FIXO unitario anual sen ive</b>	<b>COSTE ANUAL sen IVE</b>
smartphones( tarifa datos)	8,00	192,00	1.536,00
smartphones (tarifa datos 12)	3,00	300,00	900,00
Móviles basicos	10,00	0,00	0,00
SEDE tipo A	0,00	3.469,20	0,00
Liñas RTB	2,00	161,28	322,56
Liñas ADSL	1,00	326,16	326,16
<b>Total</b>			<b>3.084,72</b>

O total estimado anual sen ive dos custes debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **9.741,76 €**. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se prorratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

No tocante os custos dos **servizos variables**, é dicir, chamadas de voz e SMS, non procede realizar regularización xa que o licitador ofertou na súa proposta unha tarifa plana xa engadida nos custos fixos e polo tanto os custos variables son 0.



## Concello de Vigo

		Proposta Telefónica		
		Custo base	IVE	TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas voz	0 €	0 €	0 €
	Total SMS	0 €	0 €	0 €
Suma totales		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados **9.741,76 (€)** e dos custos variables **0 (€)** resultando unha cantidade de **9.741,76 € sen IVE**, que supón un **2,26 %** do prezo da oferta **anual 431.522,25 € (sen IVE)**.

### Resumo das modificacións.

Regularización	Total € (SEN IVA) custos modificacións aprobadas	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 4 anos do contrato
2019-2020	<b>23.524,84</b>	<b>5,45%</b>	<b>1,36%</b>
2020-2021	<b>11.477,11</b>	<b>2,66%</b>	<b>0,66%</b>
2021-2022	<b>9.741,76</b>	<b>2,26%</b>	<b>0,56%</b>

**O total das modificacións nos tres primeiros anos de contrato representa un 2,58%, inferior o 20% máximo de modificacións previstas no PPS.** Esta é unha estimación anualizada.

## 2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 11 das FEC do PPS, sobre réxime de pagamento:

### **“11.RÉXIME DE PAGAMENTO:**

*O contrato aboarase por mensualidades fixas concertadas calculadas a partires da división entre 12 meses do importe anual da adxudicación, incluíndo o IVE correspondente.*

*O adxudicatario presentará anualmente un informe dos custos reais do servizo do ano anterior, de forma que queden reflectidas todas as posibles variacións producidas polas modificacións realizadas no contrato nese intervalo de tempo. O informe deberá incluír unha proposta de regularización dos importes aboados. O adxudicatario deberá presentar o informe de regularización nun prazo máximo de 90 días despois da finalización de cada ano de contrato.*

*A proposta de regularización incluírá separadamente os consumos reais de tipo variable e os custos fixos dos servizos.*

*Este informe, unha vez validado e comprobado polo responsable municipal do contrato, xerará un expediente de proposta de regularización que se someterá a aprobación da Xunta de Goberno Local e que, segundo o caso, poderá supoñer un aboamento ou reintegro das cantidades regularizadas nun pago único.*

O Concello resérvase a opción de solicitar o informe de regularización e proceder o trámite da mesma se o cre preciso por mor do volume ou natureza das modificacións realizadas. Durante o período de transición os pagamentos terán en conta as condicións sobre a regulación do procedemento de cambio de operador do apartado 5.4 do PPT.”

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a **522.141,92** euros (IVE engadido), o que supuxo unha facturación mensual de **43.511,83** euros para os tres primeiros anos do contrato.

Segundo a proposta de regularización anual de data 22 de decembro de 2022 con número de documento 220334803 realizada polo adxudicatario e anexada o expediente, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:

Segundo os custos sexan fixos ou variables (**importes sen IVE**)

	Importe ANUAL oferta inicial – importe ABONADO	Importe real 1º ano	Importe real 2º ano	Importe real 3ª ano	Diferenza 3º ano importe real– importe abonado
<b>Custos Fixos</b>	431.522,25	445.912,26	446.427,62	443.032,22	<b>11.509,97</b>
<b>Custos variables</b> (chamadas voz)	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
<b>Custos variables</b> (SMS)	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
<b>Total</b>	431.522,25	445.912,26	446.427,62	443.032,22	<b>11.509,97</b>

En resume:

	<b>Custo anual</b>		
Facturación concertada abonada total 2021-22	431.522,25 €		
Custo real 2021-22	443.032,22 €	<b>IVE 21%</b>	<b>Total Regularización</b>
Diferencia	11.509,97 €	2.417,09 €	<b>13.927,06 €</b>

A diferenza das modificacións aprobadas ( **9.741,76 €** ) e a regularización real ( **11.509,97 €** ) , **datos sen IVE**, débese a estimación anualizada das altas e baixas fronte o prorrateo real segundo a data efectiva das súas realizacións.

A continuación achéganse as porcentaxes de modificación do contrato debidas a **regularización real**

Regularización	Total € (SEN IVA) custos reais	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 4 anos do contrato
2019-2020	<b>14.390,01 €</b>	<b>3,33 %</b>	<b>0,83 %</b>



## Concello de Vigo

2020-2021	<b>14.905,37 €</b>	<b>3,45 %</b>	<b>0,86 %</b>
2021-2022	<b>11.509,97 €</b>	<b>2,67 %</b>	<b>0,67%</b>
Acumulado 2019-2022			<b>2,36 %</b>

A porcentaxe da modificación real do terceiro ano de contrato supón **2,67 %** sobre o custo total do terceiro ano de contrato e dun **0,67%** do importe total dos 4 anos. O acumulado nos tres primeiros anos e do **2,36 %** inferior o total das modificacións máximas permitidas do 20%.

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) é conforme coa regularización por un importe total de **13.927,06 €, (11.509,97 € + 2.417,09 € correspondente o IVE 21%)** segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Por todo o exposto, no uso da competencia que me atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en virtude da resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e 26.06.2019 e posteriores modificacións, así como do acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019 e 04.07.2019 e posteriores modificacións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

### ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas pola concelleira delegada de Administración Electrónica con relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 01/07/2021 e o 30/06/2022, por unha cantidade anualizada de **9.741,76 € sen IVE**
2. Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2021 e o 30/06/2022, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **13.927,06 €, IVE 21% xa engadido**. Este importe supón o 2,67% sobre o custo total do terceiro ano de contrato e do 0,67% do importe total do contrato.
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **13.927,06 €** (base imponible **11.509,97 €**, tipo IVE 21%, importe IVE **2.417,09 €**) a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. (CIF: U86740305) que se imputará á aplicación orzamentaria 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(17).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA CENTROS DECORATIVOS PARA ESCENARIOS; CENTROS/RAMOS CONMEMORATIVOS OU FUNERARIOS; E COROAS CONMEMORATIVAS OU FUNERARIAS: LOTES 2 E 3. DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 1. EXPTE. 19222/101.**

Visto o informe de fiscalización do 16/01/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/01/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación (declaración de deserto do lote 1 e adxudicación dos lotes 2 e 3)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais, en concreto para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 14 de setembro de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 18 de outubro de 2022, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por importe de 5.533,83 € iva engadido, sendo o importe correspondente ao 10% de iva 503,07€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2022, e de acordo ás seguintes anualidades con iva :*

➤ Ano 2022: 746,60 €

➤ Ano 2023: 4.787,22 €

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:





## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19222-101) na seguinte orde descendente:*

### **LOTE 1: FLORES PARA CENTROS DECORATIVOS PARA ESCENARIOS**

<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Total puntos</b>
M. DESIRE PEREIRA MOREIRA	100

### **LOTE 2.- RAMOS CONMEMORATIVOS OU FUNERARIOS**

<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Total puntos</b>
ANGEL COVELO, S.L.	100
M. DESIRE PEREIRA MOREIRA	40,74

### **LOTE 3.- COROAS CONMEMORATIVAS OU FUNERARIAS**

<b>Empresas licitadoras</b>	<b>Total puntos</b>
ANGEL COVELO, S.L.	100
M. DESIRE PEREIRA MOREIRA	37,45

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, M. DESIRE PEREIRA MOREIRA (36.106.282-P) (lote 1) e ANGEL COVELO, S.L. (B36816080) (lotes 2 e 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, M. DESIRE PEREIRA MOREIRA (lote 1) e ÁNGEL COVELO, S.L. (lotes 2 e 3), o día 15 de decembro de 2022, que presentan a documentación requirida o 22 e 27 de decembro, respectivamente, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 29 de decembro de 2022 acordou conceder un prazo de 3 días aos dous licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada. Durante o prazo concedido só presentou documentación ÁNGEL COVELO, S.L. o 4 de xaneiro de 2023. M. DESIRE PEREIRA MOREIRA presentou a documentación o 9 de xaneiro, fóra de prazo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xaneiro de 2023 revisou a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 2 e 3,

sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

Dado que a licitadora clasificada en primeiro lugar no lote 1, M. DESIRE PEREIRA MOREIRA, emendou a documentación fóra do prazo concedido, a Mesa entendeu que non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP. Dado que non hai máis licitadores clasificados neste lote, procede propoñer a declaración de deserto do lote 1.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 2 e 3, ÁNGEL COVELO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar os referidos lotes.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ÁNGEL COVELO, S.L. (lotes 2 e 3), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 2 de decembro de 2022.

A Mesa de Contratación tamén é competente para propoñer deserto o lote 1, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a licitadora clasificada en primeiro lugar no lote 1 non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP e non hai máis licitadores clasificados neste lote, procede propoñer declaralo deserto.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

1. *“Declarar deserto o lote 1 dado que a licitadora clasificada en primeiro lugar non cumprimento adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP e non hai máis licitadores clasificados neste lote.*
2. *Adxudicar a ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080) os lotes 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101) coas seguintes condicións:*

*- LOTE 2 Ramos/centros conmemorativos ou funerarios*

- a) *O prezo total do lote 2 é de 2.371,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 215,60 euros, cun prezo unitario unitario de 79,20 euros (IVE incluído).*
- b) *Propón un incremento das horas de atención fóra do horario comercial entre as 13,30 e as 16,30 e entre as 20,00 e as 22,00 horas de 5 horas.*
- c) *Propón un incremento das horas de atención en festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas de 4 horas.*

*- LOTE 3 Coroas conmemorativas ou funerarias*

- a) *O prezo total do lote 3 é de 1.054,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 95,82 euros, cun prezo unitario unitario de 181,50 euros (IVE incluído).*
- b) *Propón un incremento das horas de atención fóra do horario comercial entre as 13,30 e as 16,30 e entre as 20,00 e as 22,00 horas de 5 horas.*
- c) *Propón un incremento das horas de atención en festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas de 4 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(18).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES E ADBLUE DESTINADOS Á FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL: LOTE 1. EXPTE. 15373/445.**

Visto o informe de fiscalización do 16/01/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/01/2023, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15.373-445) (lote 1)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15.373-445) (lote 1)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación para a contratación do SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES E ADBLUE, DESTINADOS A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL, que se seguirá a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, en data 26.09.2022.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de contratación de data 21.10.2022.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto o cal ascende a un máximo de UN MILLÓN CENTO SESENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (1.166.250,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 202.407,02 €.*

*Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9202.221030- Combustible e carburantes, e segundo a seguinte distribución por anualidades:*

Anualidade	2023	2024	2025	2026	TOTAL
Lote 1	301.000,00 €	387.000,00 €	387.000,00 €	86.000,00 €	1.161.000,00 €



## Concello de Vigo

Anualidade	2023	2024	2025	TOTAL
Lote 2	2.236,13 €	2.625,00 €	388,87 €	5.250,00 €

Quinto.- *Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445) (Lote 1) na seguinte orde descendente:*

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U.	100 puntos

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (A-25.009.192) (Lote 1), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., o día 16 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 23 de decembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 29 de decembro de 2022, acordou conceder un prazo de tres días ao licitador para emendar a solvencia técnica e presentar os anexos IV e V do PCAP.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación o 3 de xaneiro de 2023.

De conformidade co indicado pola Mesa na citada sesión do 29 de decembro, o licitador achega un novo aval polo importe correcto, 47.975,21 euros, polo que procede a devolución do anteriormente depositado por importe de 48.192,15 euros (operación nº 202200157150 do 27 de decembro de 2022).

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xaneiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 15 de decembro de 2022 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (A25009192) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15.373-445) por un prezo total de 1.161.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 201.495,87 euros e coas seguintes porcentaxes de desconto:*

<i>Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo "A" (B7)</i>	<i>9,98%</i>
<i>Porcentaxe de desconto por litro de gasolina "95" (E5)</i>	<i>9,98%</i>



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(19).-DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 2 DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES E ADBLUE DESTINADOS Á FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 15373/445.**

Dáse conta do informe-proposta de data 10/01/2023, asinado pola técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445).

**Segundo.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 12 de decembro de 2022, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o lote 2: “AdBlue” segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados no lote 2: “AdBlue” deste procedemento, procede declarar deserto o mesmo.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15373-445) - Lote 2: “AdBlue” por non terse presentado ningún licitador tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(20).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO (RENTING), CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, LIMPEZA-DESCONTAMINACIÓN E SUBSTITUCIÓN DAS PRENDAS DE INTERVENCIÓN E EPIS ASOCIADOS PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6712/213.**

Visto o informe de fiscalización do 10/01/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 05/01/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIS asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIS asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213)

### **ANTECEDENTES**





## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 31 de agosto de 2022.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data de 20 de setembro de 2022.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.488.179,00 euros, do que 258.279,00€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602210400 “ Renting vestuario Especial” do presuposto municipal vixente.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	SAGRES, S.L.	100 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAGRES, S.L. (B-36.028.991), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAGRES, S.L., o día 20 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 3 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xaneiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SAGRES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAGRES, S.L., de acordo co informe de valoración das mostras presentadas de data 19 de decembro de 2022 e as actuacións da Mesa de contratación.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Adxudicar a SAGRES, S.L. (B-36.028.991) o procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 1.487.223,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 258.113,10 euros.*
  - b) *Propón como tempo de recollida e entrega dos EPIs: 64 horas nos 365 días do ano.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(21).-RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE PAPEL DE FOTOCOPIADORA E IMPRESORAS. EXPTE. 6845/241.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/12/2022, asinado pola técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e coa conformidade xurídica da titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto simplificado do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241) (PCAP)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local (en adiante XGL), na sesión do 16 de xaneiro de 2020, acordou aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441).

**Segundo.-** Con data 6 de marzo de 2020, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar a CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)*

*por un prezo total de 22.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.818,18 euros e cunha porcentaxe de desconto único do 12% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

O contrato formalizouse o 10 de marzo de 2020 por un prazo de 1 ano, contado a partir do día seguinte, prevéndose 4 prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Con data do 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local aprobou a primeira prórroga dun ano de duración polo período comprendido entre o 11/03/2021 ata o 10/03/2022, coa conformidade do contratista (documento nº 210026222).

**Cuarto.-** Na sesión do 10 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordou aprobar a segunda prórroga do contrato por un ano de duración (período do 11 de marzo e 2022 ao 10 de marzo de 2023), previa desestimación das alegacións formuladas polo contratista de data 13 de xaneiro de 2022 (documento nº 22007596).

**Quinto.-** O 20 de setembro de 2022 a xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade da concelleira delegada de Xestión Municipal, emite informe no que insta ao Servizo de Contratación “a incoación do expediente administrativo por incumprimento contractual á sociedade mercantil CARLINGAL, S.L.”

**Sexto.-** O 3 de novembro de 2022 a xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade da concelleira delegada de Xestión Municipal, emite informe no que aclara a intención de resolver o contrato.

**Sétimo.-** O 5 de decembro de 2022 a xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade da concelleira delegada de Xestión Municipal, emite informe sobre os danos e perdas.

**Oitavo.-** Con data do 13 de decembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local de data 8 de setembro de 2022, resolveu:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (expediente nº 6.403-241) adxudicado a CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961) por un prezo total de 22.000,00 euros euros, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1f) da LCSP (“incumprimento da obriga principal do contrato”).*

*2º.- Declarar a urxencia da tramitación en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.*



## Concello de Vigo

3º.- *Incautar a garantía definitiva constituída polo contratista por importe de 909,09 euros mediante transferencia (liquidación nº 800113803 do 26 de febreiro de 2020).*

4º.- *Dar traslado desta resolución ao contratista, concedéndolle un prazo de dez días naturais, a contar dende o seguinte á recepción desta resolución para formular as alegacións que estime convenientes”.*

**Noveno.-** Esta resolución foi notificada ao contratista o 14 de decembro de 2022, que recibiu a notificación ao día seguinte. Durante o prazo concedido non formulou alegacións.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### **Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto “*o subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo*” (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato de subministro.

### Da resolución

A lexislación de contratos do sector público reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 41 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 306 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de subministros respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista. En todo caso o atraso inxustificable sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial del contrato, incluídas as posibles prórrogas.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205;



## Concello de Vigo

ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.

- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de subministros (artigo 306 da LCSP):

- a) A desistencia antes da iniciación do subministro ou a suspensión da iniciación do subministro por causa imputable á Administración por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega agás que no prego se sinale outro menor.
- b) A desistencia unha vez iniciada a execución do subministro ou a suspensión do subministro por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración, agás que no prego se sinale outro menor.

Reprodúcese a continuación o informe emitido pola xefa da Área de Réxime Interior do 20 de setembro de 2022:

### **“ANTECEDENTES**

#### **I.- Contrato**

*1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 06/03/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou no expediente administrativo número 6403/241 adxudicar a CARLINGAL, S.L. (C.I.F. B32.170.961) o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo por un prezo total de VINTE E DOUS MIL EUROS (22.000,00€) que incluía a cota correspondente ao IVE de CATRO MIL SEISCENTOS VINTE EUROS (4.620,00€), de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*O contrato formalizouse en documento administrativo en data 10/03/2020 No apartado 4 do Anexo I das follas de características do contrato (FEC) constaba o prazo total de UN ANO (1) e a posibilidade de CATRO (4) PRÓRROGAS DUN ANO (1) DE DURACIÓN cada unha delas.*

*2.- Con data 11.02.2021 adóptase Acordo de primeira prórroga do contrato.*

3.- Con data 10.02.2022 a Xunta de Goberno Local adopta o acordo de PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE PAPEL PARA USO DE FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS PARA OS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO; segunda prórroga do contrato, actualmente en vigor.

Este Acordo é notificado a CARLINGAL, S.L., sendo recibida electronicamente por esta o 11.02.22, ás 14:32 horas.

## **II.- Incumprimento do contrato**

1.- Ante as necesidades de prover de papel ao almacén municipal contáctase con CARLINGAL, S.L. a través de correo electrónico os días 17.06.22 e 13.07.22 (ventas30@carlingal.com), 18.07.22 (ventas@carlingal.com), 26.07.22 (admon@carlingal.com), e 24.08.22 (admon@carlingal.com e ventas@carlingal.com), ademais de numerosas chamadas telefónicas efectuadas durante este período.

Das cantidades inicialmente solicitadas (papel DIN A4, 1.500 paquetes, e papel DIN A3, 50 paquetes), só se serviron 25 paquetes (5 caixas) de papel DIN A3 a principios do mes de agosto.

Vólvese a contactar telefonicamente con CARLINGAL, S.L. (986 263 892) en varios momentos durante todo o mes de agosto, tanto co seu departamento de ventas como de administración, para que se sirva o pedido completo.

2.- Ante a non subministración de material e os infrutuosos intentos de contacto coa empresa nos últimos días de agosto, por parte do Concello de Vigo remítese a CARLINGAL, S.L. (admon@carlingal.com) petición formal de subministro de papel A4 e A3 a través de notificación electrónica que é posta a disposición da empresa con data 31.08.22

Nesta notificación lémbrese especificamente a cláusula E do Prego de Prescricións Técnicas Particulares do contrato onde se indica que as entregas de material deberán efectuarse nun prazo máximo de 5 días hábiles a partir da petición.

Advírtese tamén da posibilidade de incumprimento de contrato por non subministración ou desta fóra de prazo.

3.- Constátase, segundo obra en expediente, o non acceso de CARLINGAL, S.L. a notificación indicada.

De acordo ao artigo 43.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

“Cuando la notificación por medios electrónicos sea de carácter obligatorio, o haya sido expresamente elegida por el interesado, se entenderá rechazada





## Concello de Vigo

*cuando hayan transcurrido diez días naturales desde la puesta a disposición de la notificación sin que se acceda a su contenido.”*

*O 10.09.22 era o último día do prazo legalmente indicado para poder acceder a notificación en prazo polo interesado.*

*4.- Por outra banda, por parte do Concello téntase por todos os medios contactar con CARLINGAL, SL.*

*Ante a non resposta as chamadas telefónicas efectuadas nos últimos días do mes de agosto, por parte da Área de Réxime Interior solicítase a Policía Local informe sobre mantemento de actividade da empresa. Persoados axentes do Corpo ao 02.09.22, ás 10:09 horas, na sede coñecida da entidade no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, rúa C, nave C10 (Vigo) compróbase que as súas instalacións permanecen pechadas, e nelas dispónse un cartel informativo con texto.*

*“Estimados clientes: les informamos, que a partir del 20 de agosto nos trasladamos a Polígono Industrial de A Granxa”*

*No Concello de Vigo non consta ningunha comunicación de CARLINGAL, S.L. indicando o traslado da súa sede e/ou modificación dos seus números de teléfono ou direccións de correo electrónico.*

*5.- Tentado a comunicación vía electrónica, compróbase que a dirección web <http://www.carlingal.com> muda automaticamente en calquera navegador a dirección <https://trazos.one/es/> onde se mostra unha nova entidade cos nomes comerciais TRAZOS.ONE e TRAZOS PAPELERÍA*

*Nesta nova web aparece unha relación social diferente, DOUS TRAZOS, S.L., e CIF distinto, B36.554.327*

*Descoñecemos se esta nova entidade é sucesora de CARLINGAL, S.L., xa que por parte do contratista non se ten comunicado ao Concello de Vigo ningún cambio de accionariado ou administradores, razón social, ou de outra natureza.*

*6.- Transcorrido o prazo de 10 días naturais da notificación remitida, e a continuación o prazo de 5 días hábiles, establecido contractualmente para a entrega do pedido, sendo o último día deste prazo o 16.09.22, constátase a non subministración do pedido por parte de CARLINGAL, S.L.*

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** *De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei*

*rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.*

*Así mesmo, e de acordo o contido na cláusula 2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, este réxese tamén por:*

*- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017*

*- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro , no que non se opoña á Lei 9/2017*

**Segundo.-** *De acordo o contrato asinado entre o Concello de Vigo e CARLINGAL, S.L , dise:*

*- Na cláusula 1:*

*“CARLINGAL, S.L. comprométese á execución do contrato do subministro de papel de fotocopiadora de alta velocidade e impresoras (6.403-241), con estrita suxeición ao prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.”*

*-Na cláusula 5:*

*“O contratista presta a súa conformidade ao prego de cláusulas administrativas que rexe para este contrato e cuias cláusulas forman parte e sométese, para canto non se atope nel establecido, ó previsto pola Lei 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e demais normas administrativo e preceptos pertinentes de Dereito privado.”*

*- Na cláusula 25 :*

*“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.*

*2.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en mora ao respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a mora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 192 da LCSP.”*



## Concello de Vigo

- Na cláusula 26.9, defínense as obrigas de carácter esencial, cuxo incumprimento dará lugar a rescisión do contrato; entre elas temos:

“c) O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.”

- Na cláusula 35.1:

“Considerarase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións derivadas do presente contrato.”

**Terceiro.-** No Anexo I (Folla de Características de Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no apartado 16.B.2, dise:

“A entrega deberá efectuarse nun prazo máximo de 5 días hábiles a partir da comunicación do pedido polo Concello de Vigo e, se realizará no interior do almacén municipal sito no soto 2 da casa consistorial ou lugar que sinale o responsable do contrato.”

**Cuarto.-** A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP, e especificamente para o contrato de subministros nos artigos 306 e 307 da devandita Lei.

A vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos que preceden, efectúase a seguinte, PROPOSTA:

**Primeiro.-** Que polo Servizo de Contratación se proceda a incoación do expediente administrativo por incumprimento contractual á sociedade mercantil CARLINGAL, S.L., C.I.F. B32.170.961, referido o “contrato subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo”

**Segundo.-** Ante a urxente necesidade de provisión de papel A4 e A3, e mentres non se resolva o expediente de incumprimento de contrato e/ou se perfeccione un novo contrato, deberá procederse a través do procedemento máis áxil posible á contratación con carácter de urxencia do subministro de papel para fotocopiadoras e impresoras do Concello de Vigo”.

Mediante informe do 3 de novembro de 2022 da xefa da Área de Réxime Interior coa conformidade da concelleira delegada de Réxime Interior aclárase a intención de que se proceda á resolución do contrato.

Tras un exame das causas de resolución, e á vista dos informes citados, podemos deducir que o caso que nos ocupa pode subsumirse no suposto mencionado no apartado f) do artigo 211.1 da LCSP (*“O incumprimento da obriga principal do contrato”*).

A cláusula 26.9 do PCAP contempla como obriga de carácter esencial, cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato, entre outras, *“o cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato”*.

O incumprimento das entregas polo contratista constitúe un incumprimento das prestacións esenciais do contrato, ao ter por obxecto este o subministro sucesivo de papel.

Véñse considerando que esta causa de resolución por un incumprimento das prestacións esenciais do contrato se produce ao ter incumplido o contratista coa súa *“obriga principal”* nos supostos nos que non dá cumprimento á prestación básica á que este serve. En definitiva, e en termos tomados do Ditame 24/2020, do 6 de febreiro, do Consejo Consultivo del Principado de Asturias, nesta causa de resolución incardínanse *“aqueles incumplimentos que materialmente frustran a consecución do obxecto do contrato”*.

O determinante debe ser que quede afectada a prestación principal do contrato e que se exteriorice a través dunha inobservancia total ou esencial de dita prestación (Ditame n.º 153/2008, do 30 de abril de 2008, do Consejo Consultivo de Extremadura en liña coa STS do 1-10-99, R.º 2979/1994), de xeito que se teña producido un feito obstaculizador ao fin normal do contrato, frustrante das lexítimas expectativas de acadar o fin perseguido polo contrato. En efecto, sinala o informe do 20 de setembro de 2022, a contratista non atendeu aos requirimentos de subministro de papel desde o mes de agosto, e os últimas entregas non cumpriron cos pedidos (*“Das cantidades inicialmente solicitadas (papel DIN A4, 1.500 paquetes, e papel DIN A3, 50 paquetes), só se serviron 25 paquetes (5 caixas) de papel DIN A3 a principios do mes de agosto”*).

No caso que nos ocupa, a contratista deixou de atender á obriga principal de entregar o papel segundo as necesidades desta Administración, marcadas pola responsable do contrato, polo que se frustra a consecución do obxecto deste contrato.

-III-

### **Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.



## Concello de Vigo

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior
- Informe da Asesoría Xurídica
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que ao seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo concedido non formulou alegación ningunha, en consecuencia, ao non haber oposición por parte deste non resulta preceptivo o informe do órgano consultivo da CCAA.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

-IV-

**Dos efectos da resolución**

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP e, para os contratos de subministro, no artigo 307.

O seu apartado 3 prevé que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. En todo caso, o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, tivese constituído.

Segundo se desprende da xefa da Área de Réxime Interior a causa da resolución débese a unha causa imputable ao contratista, polo que procede a incautación da garantía definitiva constituída mediante transferencia por importe de 909,09 euros (liquidación nº 800113803 do 26 de febreiro de 2020). Ao non constituírse a garantía mediante aval, non existe avalista nin asegurador ao que dar audiencia.

A resolución do contrato dará lugar á recíproca devolución dos bens e do importe dos pagamentos realizados, e, cando non fose posible ou conveniente para a Administración, terá que abonar esta o prezo dos efectivamente entregados e recibidos de conformidade.

Respecto da indemnización polo contratista á Administración polos danos e perdas ocasionados, o Consejo de Estado vén recoñecendo (ditame 116/2015, do 10 de marzo) que, como mínimo, serán os derivados das actuacións tendentes a resolver o contrato e licitar un novo co conseguinte atraso na satisfacción da finalidade pública perseguida polo contrato.

Ao abeiro do previsto no artigo 113 do RLCAP, a determinación de danos e perdas levarase a cabo posteriormente polo órgano de contratación en decisión motivada e previa audiencia do contratista. Agora ben, sobre este aspecto, o 5 de decembro de 2022, a xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade da concelleira delegada de Xestión Municipal, informa:

*"[...] En canto aos danos e prexuízos de tal incumprimento, deberá terse en conta, que ao tratarse dun contrato de subministración concreta, non se efectúa pago algún anticipado, senón que tal como fixébase no contrato, o pago sería posterior á entrega do papel a plena conformidade, asinado o albará da administración municipal; polo que ao non haber entrega non houbo perda económica.*

*En consecuencia, os danos ocasionados son unicamente os derivados do fracaso contractual: as actuacións administrativas tendentes a resolver o contrato, preparación e licitación dun novo, co consecuente atraso na satisfacción da finalidade pública perseguida polo contrato inicial; pero*



## Concello de Vigo

*difícilmente subsumibles e cuantificables como dano moral dada a natureza xurídico-pública desta administración municipal”.*

Ao tempo de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato pola causa establecida no artigo 211.1.f poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución.

Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os dous procedementos.

**-V-**

### **Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

**-VI-**

### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

**-VII-**

### **Acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Resolver o contrato de subministro de papel de fotocopidora e impresoras (expediente nº 6.403-241) adxudicado a CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961) por un prezo total de 22.000,00 euros euros, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1f) da LCSP (“incumprimento da obriga principal do contrato”).*

*2º.- Incautar a garantía definitiva constituída polo contratista por importe de 909,09 euros mediante transferencia (liquidación nº 800113803 do 26 de febreiro de 2020).*

*3º.- Notificar este acordo ao contratista”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(22).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (AGADIC) PARA A PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2023. EXPTE. 4808/330.**

Visto o informe xurídico de data 11/01/2023 e o informe de fiscalización do 13/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, os decreto de delegación de competencias do de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 delegan no concelleiro da Área de Cultura a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería da Área de Cultura organiza semestralmente a programación estable de artes escénicas con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define





## Concello de Vigo

como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este primeiro semestre do ano 2023, abrangue 17 contratos que supoñen un custe total de **81.193.30** euros, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo 50.010,70 € euros impostos incluídos e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante, 31.182.60 euros. Estes contratos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura, entre outros contratos fóra deste convenio que conforman a programación Vigocultura do primeiro semestre do 2023. Trátase dunha programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados o pagos á compañía que se contrata que aparece neste convenio, xustificando a Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeneración de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración ( 50.010,70 euros ) na partida orzamentaria da Área de Cultura 33312260906, "Programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do ano 2023 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que serve para cofinanciar a dita representación escénica a través da achega de AGADIC de 50.010,70 €, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia

dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

É por isto, polo que se remite á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral deste Concello, o proxecto do texto do convenio para o primeiro semestre do ano 2023 para a súa aprobación e posterior sinatura por parte do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

## **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-**

1. Aprobar o texto do convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o financiamento da programación das artes escénicas do primeiro semestre do ano 2023 realizada no Auditorio Municipal do Concello ao abeiro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, entidade á que pertence o Concello de Vigo desde o ano 2007 e que se achega no expediente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2023**

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Abel Fermín Losada Álvarez, representante de CONCELLO DE VIGO (P3605700H) en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, o secretario, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

### **EXPOÑEN**

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

3. O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhíren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

8. CONCELLO DE VIGO, e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2023.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

### **ESTIPULACIÓNS**

**Primeira.-Obxecto** O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do primeiro semestre do ano 2023 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

#### **Segunda.-Obrigas da entidade**

Mediante a sinatura deste convenio, CONCELLO DE VIGO, comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación



## Concello de Vigo

contractual aplicable e vixente.

- b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina da Agadic [www.galescena.gal](http://www.galescena.gal) nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.
- e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.
- f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, , facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.
- g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.
- h) Facilitar á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

### **Terceira.-Obrigas da Agadic**

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

- a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.
- b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: [www.galescena.gal](http://www.galescena.gal), a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.
- c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
- d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

#### Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **81.193.30 euros** importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Agadic colaborará cunha achega de 50,010.70 euros impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2023.

Este convenio tramitarase como anticipado no ano 2022 de gasto e quedará condicionado á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 2023, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas derivadas do convenio.

- A entidade, colaborará coa cantidade restante de 31,182.60 euros.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
PA	Troula Animación	Pachamama (Pasarrúas)	27-01-2023	Porta do Sol	2,550.00 €	340.00 € + 15 % bill.
PA	Troula Animación	Pachamama (Pasarrúas)	28-01-2023	Porta do Sol	1,700.00 €	1,700.00 €
PA	TEATRO DEL BARRIO SOC. COOP. MAD. DE CONSUMIDORES	CÓMO HEMOS LLEGADO HASTA AQUÍ	03-02-2023	Auditorio Municipal Vigo	2,541.00 €	2,541.00 €
PA	TEATRO DEL BARRIO SOC. COOP. MAD. DE CONSUMIDORES	CÓMO HEMOS LLEGADO HASTA AQUÍ	04-02-2023	Auditorio Municipal Vigo	3,811.50 €	508.20 € + 15 % bill.
PI	Magia en la Manga	The Best Magic Trick in the World	05-02-2023	Auditorio Municipal Vigo	556.40 €	834.60 €
PA	DeuVe	3240	10-02-2023	Auditorio Municipal	1,815.00 €	242.00 € + 15 % bill.
PA	DeuVe	3240	11-02-2023	Auditorio Municipal	1,210.00 €	1,210.00 €
PI	SPASMO TEATRO	LA MEJOR OBRA DE LA HISTORIA	12-02-2023	Auditorio Municipal Vigo	1,548.80 €	2,323.20 €
PA	PORTAL 71	Sexpieritos	24-02-2023	Auditorio Municipal Vigo	3,588.00 €	3,588.00 €
PA	PORTAL 71	Sexpieritos	25-02-2023	Auditorio	5,382.00 €	717.60 € + 15 %



## Concello de Vigo

Progr mación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
				Municipal Vigo	de	% bill.
PI	N+1 Teatro Circo Danza	Divertimentos	26-02-2023	Auditorio Municipal	1,190.20 €	1,785.30 €
PA	Malasombra Producións	VOX POPULI (nec mea vox)	03-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 2,662.00 €	3,993.00 €
PI	Tanxarina	A CAZOLA DE LOLA	12-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 1,016.40 €	1,524.60 €
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 257.50 €	257.50 €
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 386.25 €	128.75 €
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 206.00 €	0.00 € + 60 % bill.
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 313.50 €	313.50 €
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 470.25 €	156.75 €
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 250.80 €	0.00 € + 60 % bill.
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 732.00 €	732.00 €
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 1,098.00 €	366.00 €
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 585.60 €	0.00 € + 60 % bill.
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	17-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	17-03-2023	Auditorio Municipal	600.00 €	600.00 €
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	17-03-2023	Auditorio Municipal	900.00 €	300.00 €
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	17-03-2023	Auditorio Municipal	480.00 €	0.00 € + 60 % bill.
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	17-03-2023	Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	de 0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	18-03-2023	Auditorio Municipal	de 0.00 €	0.00 € + 80 % bill.

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	18-03-2023	Vigo Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	Cinema Sticado	Murmurios cuánticos	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ALO-Producións	Non obstante, life is a Cabaret, as you know // Work in Progress	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	ELAHOOD	INTEMPESTIVA	18-03-2023	Auditorio Municipal Vigo	0.00 € de	0.00 € + 80 % bill.
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	18-03-2023	Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	18-03-2023	Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	18-03-2023	Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Mónica Sueiro	Histriónica!	18-03-2023	Auditorio Municipal	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PA	Producións Excéntricas SL	Teatráis O PORCO DE PÉ	21-04-2023	Auditorio Municipal Vigo	1,573.00 € de	1,573.00 €
PA	Producións Excéntricas SL	Teatráis O PORCO DE PÉ	22-04-2023	Auditorio Municipal Vigo	2,359.50 € de	314.60 € + 15 % bill.
PI	Galeatro Escénicas	Producións Carabela	23-04-2023	Auditorio Municipal Vigo	700.00 € de	1,050.00 €
PA	Colectivo Glovo	TABÚ	28-04-2023	Auditorio Municipal Vigo	3,157.00 € de	1,353.00 €
PI	ARACALADANZA	LOOP	30-04-2023	Auditorio Municipal Vigo	6,370.00 € de	2,730.00 €
				Total:	50,010.70 €	31,182.60 €





## Concello de Vigo

### **Quinta.-Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do **31 de agosto de 2023** de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga pola órgano competente. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior o 31 de agosto de 2023.
- Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio e no seu caso, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da mesma.
- Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, e Xunta de Galicia, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.
- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación de gasto sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic minorarase proporcionalmente.

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e efectuarase en dúas fases:

- 50% trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.
- 50% ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

### **Sexta.-Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Galega das Industrias Culturais publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

#### **Sétima.- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes**

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométense a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura , Educación, Formación Profesional e Universidades e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **Oitava.- Comisión de seguimento**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

#### **Novena.-Modificacións e resolución do convenio**

1. Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



## Concello de Vigo

### **Décima.-Responsabilidade das actuacións**

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo primeira.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo segunda .- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

### **Décimo terceira - Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

#### **Décimo cuarta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de agosto de 2023.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

#### **9(23).- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE FEBREIRO E ABRIL DO 2023. EXPTE. 4807/330.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 13/01/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 9 de xaneiro do 2023 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE FEBREIRO E ABRIL DO 2023, de acordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

No informe económico xustificativo, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, realiza a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na dita ordenanza municipal e que figura no expediente.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de inquestionable interés cultural ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 € para espectáculos con cachés inferiores a 2.499,99 €, de 10 € para os espectáculos con cachés entre 2.500,00 € e 4.999,99 €, de 12 € para espectáculos con cachés entre 5.000 e 9.999,99 €, e de 15 € para espectáculos con cachés superiores a 10.000 €. A única excepción é a correspondente ao espectáculo 4x4 debido ao seu aforo superreducido (60) para o que se propón un prezo de 8 €.

No caso dos espectáculos para público familiar establécese un único prezo de 5 € por función, tendo en conta que se pretende fomentar o acceso ao teatro ao público máis novo e facilitar así a creación de públicos, un dos eixes fundamentais da programación Vigocultura.



## Concello de Vigo

Estes prezos estarían ademáis dentro das recomendacións da Rede Galega de Teatros

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

De acordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos do seguinte xeito:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado establécese tamén un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo super-reducido.

As porcentaxes de redución de prezo non son acumulables.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet a través da páxina web de Gíglon (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería Libros para soñar e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben a dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Fixar os prezos de venda de entradas da PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE FEBREIRO E ABRIL DO 2023, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:*

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
3 /4 febreiro	Cómo hemos llegado hasta aquí	Teatro del Barrio	12 €
05/02/23	The Best Magic Trick in the World	Magia en la Manga	5 €
10 /11 febreiro	3240	DeuVe	8 €
12/02/23	La mejor obra de la historia	Spasmo Teatro	5 €
17 / 18 febreiro	Passport	Yllana	12 €
19/02/23	Las aventuras del león vergonzoso	El Pot Petit	5€
24 / 25 febreiro	Sexpiertos	Tanttaka Teatrea	10 €
26/02/23	Divertimentos	N+1 Teatro Circo Danza	5 €
03/03/23	Vox Populi	Malasombra	12 €
05/03/23	Univers	Engruna Teatre	5 €
10 /11 marzo	ReVolta	Juanito y Filomena	10 €
12/03/23	A cazola de Lola	Tanxarina	5 €
17/ 18 marzo	4X4	Cinema Sticado Alopro Elahood Mónica Sueiro	8€
19/03/23	4x4 PETIT	Yuju Gestión Cultural	5 €
14/04/23	Creatura	Lapso Producciones	12 €
16/04/23	Latas	Cía. D'Click	5 €
21/ 22 abril	O porco de pé	Produccións Teatráis Excéntricas	10 €
23/04/23	Carabela	Galeatro	5 €
28/04/23	Tabú	Colectivo Glovo	10 €
30/04/23	LOOP	Aracaladanza	5 €

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán dous tipos de abonos á carta:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra



## Concello de Vigo

- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado establécese tamén un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo super-reducido.

As porcentaxes de redución de prezo non son acumulables.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet a través da páxina web de Gíglon (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería Libros para soñar e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houberse entradas disponibles).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(24).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO DE VIGO PARA O SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2023. EXPTE. 3341/341.**

Visto o informe xurídico do 29/12/2022 e o informe de fiscalización 10/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/12/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23 de decembro de 2022 a Fundación Marco presenta a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo a solicitude, subscrita polo seu director, de transferencia de financiamento para 2023, por importe de 725.000,00 €, e que se aprobe o calendario de pagamentos, achegando a documentación correspondente.

Neste exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco para o financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2023 é de **725.000,00 €**, con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", incluída no presuposto de 2023 do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal con data 23 de decembro de 2022.

### **ANTECEDENTES.-**

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2022 por importe de 675.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 3 de febreiro de 2022 (expediente 3166-341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 18 de marzo de 2016, 20 de xaneiro de 2017 e sucesivos.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2023:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Marco é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Marco reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2023 ten previsto financiarse nun 62,54% polo Concello de Vigo (a través dunha transferencia de financiamento), nun 10,35% polo Concello de Vigo polo aniversario de Laxeiro (a través dunha subvención), pola Xunta de Galicia nun 8,63%, polo Ministerio de Cultura nun 4,31%, pola Deputación de Pontevedra nun 8,63%, e patrocinios, ingresos propios e outros: 5,54%; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2021 tamén aplicables a 2023, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Marco é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Marco debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo doa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de





## Concello de Vigo

execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben corresponde á Intervención Xeral a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior. Nos exercicios anteriores o Servizo de Museos só establecía a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que coincidía coa solicitada pola Fundación Marco.

Con data 21 de xuño de 2019 o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda subscriben a instrución sobre “Cumprimento dos prazos de pagamento”, expediente 104/143 que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo, da que resulta:

- As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO chegarase con carácter previo aos seguintes anticipos, debendo facerse o correspondente ao 4º trimestre dentro do ano natural.
- O acordo de financiamento para o ano (n) deberá estar aprobado antes do remate do ano (n-1), e as entregas a conta, faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre; polo que comprende:
  - adaptar os prazos de pagamento da futura transferencia de financiamento, ao calendario indicado na instrución,
  - ter recibido no Concello de Vigo a información relativa aos períodos medios de pagamento mensual en relación coa débeda comercial e os xustificantes correspondentes, con carácter previo ao anticipo;
  - que a solicitude da Fundación MARCO, sobre transferencia de financiamento do programa e presuposto de 2023, deba presentarse nos primeiros días do mes de decembro do ano en curso (co presuposto e programa aprobado polo Padroado); xa que, como indica a instrución, o acordo de financiamento deba estar aprobado antes do remate do ano a financiar e a primeira entrega a conta faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre (neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local), unha segunda achega antes do 10 de abril de 2023, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2023, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2023.

Con data 21 de outubro de 2022 (expte. 2744/341) foi comunicada ao MARCO a citada instrución para adaptar o calendario de pagos á mesma (entregas a conta ao principio de cada trimestre e achega previa de xustificantes).

### **FUNDACIÓN MARCO.-**

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100. Nos estatutos aprobados polo Pleno do Concello e na acta de constitución da Fundación Marco figuran como entidades fundadoras o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacio-

nal, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

Con data 5 de xaneiro de 2006 protocolízase en escritura notarial (Núm. 19; Notario: Mariano Vaqueiro Rumbao) a incorporación ao Padroado da Fundación Marco *“Un vocal (1) designado polo Ministerio de Cultura da Administración Xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega.”*; derivado do acordo do Padroado de data 20 de decembro de 2005.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundacións e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindindo o compromiso asumido, eximindo “á Caixa” da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

#### Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

#### Composición actual do Padroado da Fundación Marco.-

Presidente.- Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Vicepresidente.- Abel Losada Álvarez, concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo.

Vogais.- Jaime Aneiros Pereira, M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro, M<sup>a</sup> José Caride Estévez, Teresa Egerique Mosquera, Cayetano Rodríguez Escudero, Nuria Rodríguez Rodríguez (Concello de Vigo), Anxo Manuel Lorenzo Suárez (Xunta de Galicia) e Mercedes Roldán Sánchez (Ministerio de Cultura y Deporte).

Secretario.- José Riesgo Boluda.

Os representantes do Concello de Vigo foron designados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio de 2019.

#### **SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-**

A Fundación Marco ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2023 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:



## Concello de Vigo

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de **725.000,00 €** presentada no Rexistro Xeral do 23 de decembro de 2022 xunto coa seguinte documentación:
  - Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2023, co detalle dos gastos dos principais proxectos e partidas.
  - Programación completa de exposicións para o exercicio 2023.  
Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:
    - Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
    - Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
    - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
    - O Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento, atópase no Servizo de Museos.

### **ORZAMENTO 2023 DA FUNDACIÓN MARCO.-**

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2023, que ascende a un total de **1.159.200,00 €**. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2023 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	725.000,00 € (62,54%);
➤ Concello de Vigo Laxeiro	120.000,00 € (10,35%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (8,63%);
➤ Ministerio de Cultura	50.000,00 € (4,31%);
➤ Deputación Pontevedra	100.000,00 € (8,63 %);
➤ Ingresos Marco	53.700,00 € (4,63%);
(patrocinios, cursos, alugueres, catálogos,...)	
➤ Amigos MARCO	10.500,00 € (0,91%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1.	Persoal:	336.922,00 € (29,07%);
2.	Gastos xerais (e extraordinarios):	421.356,00 € (36,35%);
3.	Exposicións e actividades :	364.633,00€ (31,46%);
4.	Gastos financeiros:	1.250,00 € (0,11%);
5.	Outros (Amortizacións....):	35.039,00€ (3,02%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2023 e do orzamento de 2022 presenta as seguintes variacións:

**INGRESOS****ORZAMENTO 2023 ORZAMENTO 2022****Achegas institucións:**

Concello de Vigo	725.000	675.000
Concello de Vigo Laxeiro	120.000	0
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	50.000	50.000
Deputación de Pontevedra	100.000	60.000
	<b>1.095.000</b>	<b>885.000</b>
<b>Outros ingresos:</b>		
Ingresos Patrocinios	10.000	10.000
Ingresos actividades propias	39.700	32.000
Amigos MARCO	10.500	10.500
Catálogos	4.000	1.000
	<b>64.200</b>	<b>53.500</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1.159.200</b>	<b>938.500</b>

<b>GASTOS</b>	<b>2023</b>	<b>2022</b>
Persoal	336.922	313.604
Gastos Xerais+Extraordinarios	421.356	432.541
Exposicións e actividades	364.633	155.316
Gastos financeiros	1.250	1.500
Amortizacións, recuperación fondos propios	35.039	35.539
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.159.200</b>	<b>938.500</b>

**VARIACIÓN PORCENTAJES 2022-2023.-**

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2023 e a estimación do orzamento total de 2022 (tomando os datos facilitados polo MARCO), presenta as seguintes variacións:

**INGRESOS.-**

	<u>2023</u>	<u>2022</u>	<u>Dif. 2023-2022</u>
➤ Concello de Vigo	62,54%	71,92%	-9,38
➤ Concello de Vigo Laxeiro	10,35%		+10,35
➤ Xunta de Galicia	8,63%	10,66%	-2,03



## Concello de Vigo

➤ Ministerio de Cultura	4,31%	5,33%	-1,02
➤ Deputación Pontevedra	8,63%	6,39%	+2,24
➤ Ingresos patrocinios, activ.	4,63%	4,59%	+0,04
➤ Amigos MARCO	0,91%	1,12%	-0,21

### GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	<u>2023</u>	<u>2022</u>	<u>Dif. 2023-2022</u>
1. Persoal:	29,07%	33,42%	-4,35
2. Gastos xerais:	36,35%	46,09%	-9,74
3. Actividades (expos., activ., etc.):	31,46%	16,55%	+14,91
4. Gastos financeiros:	0,11%	0,16%	-0,05
5. Amortizacións:	3,02%	3,79%	-0,77

### XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Marco víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establecéndose no propio acordo de concesión a regulación das condicións e obrigas (ao igual que no caso da Fundación Laxeiro; con convenio regulador no caso da Fundación Liste). Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Marco vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa citada fundación financiada pola Administración Local.

Coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura, e concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tras o informe xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

#### PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Marco, CIF: G36909885, un importe de **725.000,00 €** (setecentos vintecinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2023, de acordo co seguinte calendario, derivado da instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143) do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda sobre

“Cumprimento dos prazos de pagamento”, que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo:

- ◆ Unha primeira entrega a conta tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda entrega a conta antes do 10 de abril de 2023, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2023, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2023, por importe de 181.250,00 € (25% do importe concedido).

As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO realizarase con carácter previo aos anticipos e, en xeral, adaptaranse á citada instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143).

2.- A transferencia de financiamento poderá financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 “Fundación Marco”, que figura no orzamento de 2023 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

## **SEGUNDO.-**

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: “e) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.”

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Marco, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Marco:

## **PRIMEIRA.-**

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación Marco como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento.

## **SEGUNDA.-**

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2023, que ascende a un total de **1.159.200,00 €**.

A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

➤ Concello de Vigo	725.000,00 € (62,54%);
➤ Concello de Vigo Laxeiro	120.000,00 € (10,35%)
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (8,63%);
➤ Ministerio de Cultura	50.000,00 € (4,31%);
➤ Deputación Pontevedra	100.000,00 € (8,63 %)
➤ Ingresos Marco (patrocinios, cursos, alugueres, catálogos,...)	53.700,00 € (4,63%);
➤ Amigos MARCO	10.500,00 € (0,91%).



## Concello de Vigo

- A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:
- |                                     |                        |
|-------------------------------------|------------------------|
| ➤ Persoal:                          | 336.922,00 € (29,07%); |
| ➤ Gastos xerais (e extraordinarios) | 421.356,00 € (36,35%); |
| ➤ Exposicións e actividades :       | 364.633,00€ (31,46%);  |
| ➤ Gastos financeiros:               | 1.250,00 € (0,11%);    |
| ➤ Outros (Amortizacións...):        | 35.039,00€ (3,02%).    |

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento ou partidas que consten nos presuposto municipais a favor do MARCO e que aprobe a Xunta de Goberno Local ou órgano de goberno competente.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Marco, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Marco, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Marco e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Marco é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Marco informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

### SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Marco adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao Marco (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura e Emprego, para que os elementos sexan financiáveis.

#### SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A Fundación Marco achegará á concellería-delegada da Área de Cultura e Emprego do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súas actividades e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

#### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Marco; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Marco, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Marco, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.





## Concello de Vigo

- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
  - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
  - Memoria de prensa.
  - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Marco deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencias de financiamento.

A Fundación Marco deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Marco de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de aceptación da subvención concedida por Resolución definitiva da convocatoria de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Expte. 1352/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**12(25).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. EXPTE. 1352/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



## Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 18/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/01/2023, asinado polo xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e pola concelleira-delegada de Economía e Fondos Europeos, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES:**

#### **a.- ASPECTOS XERAIS DA CONVOCATORIA:**

O Boletín Oficial do Estado publicou o pasado 05/07/2022, a Resolución da Secretaría de Estado de Comercio, pola que se convoca a liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, segundo a Orde ICT/567/2022, de 15 de xuño, que modifica á Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas.

De forma específica a convocatoria 2022 da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do PRTR, recolle en relación ao investimento 4.a, “Actuacións especiais no ámbito da competitividade. Fortalecemento da actividade comercial en zonas de gran afluencia turística”, as axudas para o financiamento de proxectos de impulso á competitividade, innovación e modernización da oferta comercial local ligada á chegada de visitantes a zonas comerciais turísticas.

O obxecto destas axudas é que as entidades locais realicen investimentos dirixidos á introdución de melloras nas zonas comerciais turísticas, entre as cales se atopan a adaptación dos espazos públicos para mellorar a accesibilidade e a mobilidade, a aplicación de solucións tecnolóxicas para mellorar a eficiencia enerxética ou procesos eficientes desde o punto de vista ecolóxico, de reciclado e de reutilización de residuos.

Os obxectivos destes proxectos son:

- a) Ensanche de beirarrúas.
- b) Ornamentación, embelecemento, conservación, restauración e axardinamento.
- c) Sinalización comercial e turística intelixente.
- d) Instalacións de mellora da accesibilidade, eliminación de barreiras urbanísticas e mellora da transmisibilidade peonil.
- e) Dotación de calquera tipo de prazas de aparcadoiro na contorna das áreas comerciais para toda clase de vehículos.
- f) Creación de áreas loxísticas de repartición e distribución, co obxectivo de paliar problemas derivados da carga e descarga, así como a loxística inversa.
- g) Instalacións para a xestión da mobilidade, incluíndo sinalización para a mellora da accesibilidade.

h) Mellora do mobiliario urbano: Asentos, iluminación pública de baixo consumo, elementos de protección, papeleiras, colectores de residuos, entre outros.

#### **b.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de agosto de 2022, entre outros asuntos acordou a aprobación da “PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”, de acordo co contido do expte. 1352/441.

#### **c.- RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS.**

Con data 9 de decembro de 2022, a Secretaría de Estado de Comercio, á vista dos acordos adoptados pola Comisión de Avaliación, formula unha Proposta de Resolución Provisional na que inclúe os proxectos estimados favorablemente e polos importe alí fixados.

No LISTADO PROVISIONAL DE PROXECTOS ESTIMADOS FAVORABLEMENTE, figura o Concello de Vigo - Nº Expediente: ACT-010000-2022-127, actuación: Impulso do novo eixo comercial entorno o CC Vialia e a nova estación AVE Vigo/Urzáiz e a sua conexión coa Cidade da Xustiza de Vigo- fase: IMPLANTACIÓN MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ, cunha subvención de 1.911.580,80 €.

A citada resolución establece un prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte o da publicación de esta proposta de resolución provisional, que se notificará tamén de maneira individualizada, ao obxecto de que se formulen as alegacións que se teñan por convintes e para comunicar, no seu caso, e en idéntico prazo, a aceptación correspondente.

Tanto a aceptación como as posibles alegacións presentaranse a través do rexistro electrónico do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://sede.serviciosmin.gob.es/registroelectronico>), téndose por non realizadas as que eludan ou ignoren a citada vía.

#### **d.- RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS.**

Con data 9 de xaneiro de 2023, a Secretaría de Estado de Comercio, a través da Dirección Xeral de Política Comercial, publica unha Proposta de Resolución Definitiva



## Concello de Vigo

de Concesión na que inclúe as solicitudes finalmente estimadas e polos importe alí fixados.

No LISTADO DEFINITIVO DE PROXECTOS ESTIMADOS FAVORABLEMENTE, figura o Concello de Vigo - Nº Expediente: ACT-010000-2022-127, actuación: Impulso do novo eixo comercial entorno o CC Vialia e a nova estación AVE Vigo/Urzáiz e a súa conexión coa Cidade da Xustiza de Vigo- fase: IMPLANTACIÓN MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ , cunha subvención de 1.911.580,80 €. cunha subvención de 1.911.580,80 €.

Na citada resolución establécese un prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte o da publicación de esta proposta de resolución definitiva, que se notificará tamén de maneira individualizada, ao obxecto de que acepte ou rechace o financiamento proposto.

Xunto coa aceptación deberán achegarse os seguintes documentos:

- Anexo IV DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI), asinada por vía electrónica pola persoa con poderes suficientes para facelo, que se achega xunto coa Proposta de Resolución final. Para iso, deberá achegar ao proceso de Aceptación o documento asinado electrónicamente coa aplicación Autofirma.
- Número de conta único e exclusivo para a subvención
- DECLARACIÓN CENSAL de alta, modificación e baixa no Censo de Empresarios, Profesionais e Retén. Modelo 036 da Axencia Tributaria

Esta a aceptación, así como a documentación adicional que se debe aportar, presentaranse a través do rexistro electrónico do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://sede.serviciosmin.gob.es/registroelectronico>), entendéndose por renuncia a ausencia de resposta.

## **II.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS.**

Á vista dos antecedentes descritos e tendo en conta a obriga que se deriva da resolución definitiva pola que se concede ao Concello de Vigo unha subvención de 1.911.580,80 €, para o desenvolvemento do IMPULSO DO NOVO EIXO COMERCIAL NO CONTORNO DO CC VIALIA E A NOVA ESTACIÓN AVE VIGO/URZÁIZ E A SÚA CONEXIÓN CA CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO - FASE I: IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ, presentado á citada convocatoria, debese proceder de acordo co modelo de aceptación da subvención concedida a:

- Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola referida resolución, que inclúe a achega do Anexo IV de Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses, un número de conta único e exclusivo para

a subvención e unha declaración censal segundo modelo 036 da Axencia tributaria.

- Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións e, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, así como por toda a normativa que o desenvolve.

### **III.- PROPOSTA:**

Á vista da resolución de data 9 de xaneiro de 2023, da Secretaría de Estado de Comercio, pola que se procede a adxudicar definitivamente as axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, na que figura o Concello de Vigo - Nº Expediente: ACT-010000-2022-127, actuación: Impulso do novo eixo comercial entorno o CC Vialia e a nova estación AVE Vigo/Urzáiz e a súa conexión coa Cidade da Xustiza de Vigo- fase: IMPLANTACIÓN MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ, cunha subvención de 1.911.580,80 €, procede propoñer a súa aceptación.

En relación coas obrigas económicas débese indicar que no marco da convocatoria queda establecido que non serán subvencionables, en ningún caso, os gastos correspondentes aos impostos indirectos, coma o IVE, de calquera das actuacións que resulten estritamente necesarias para a consecución do obxecto da convocatoria.

Por todo o exposto e unha vez se incorpore ao expediente o correspondente informe xurídico e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola resolución de data 9 de xaneiro de 2023, da Secretaría de Estado de Comercio, pola que se procede a adxudicar definitivamente as axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, na que figura o Concello de Vigo - Nº Expediente: ACT-010000-2022-127, actuación: Impulso do novo eixo comercial entorno o CC Vialia e a nova estación AVE Vigo/Urzáiz e a súa conexión coa Cidade da Xustiza de Vigo- fase: IMPLANTACIÓN MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ cunha subvención de 1.911.580,80 €.

**Segundo:** Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das



## Concello de Vigo

condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións y, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, así como por toda a normativa que lo desenvolve.

**Terceiro:** Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da proposta de aceptación desta subvención.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final en relación a documentación requirida, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma a través del portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://sede.serviciosmin.gob.es/registroelectronico>).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(26).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez